



Expediente núm.: 712/2020

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Reserva 2020-2021
(Operario de servizos varios)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. Con data 30.03.2020, José Carballeira Chaves, traballador deste Concello, inicia baixa de incapacidade temporal por enfermidade común, designando o facultativo o tipo de proceso como "curto".
2. Nos partes de confirmación de data 01.04.2020 e 08.04.2020, o facultativo continúa considerando o proceso como "curto".
3. O parte de confirmación de data 15.04.2020 o facultativo cambia a tipoloxía do tipo de proceso, pasando a consideralo como "longo", cunha duración estimada de 107 días (3,5 meses).
4. O 11.05.2020 emítense informe polo Departamento de Persoal dos custos salariais dun/ha (1) operario de servizos varios, en réxime de persoal laboral temporal a través dun contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo, coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410).
5. O 11.05.2020 emítense informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos/as aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2020 - 0138 de data 14 de febreiro de 2020.

Visto os informes emitidos polo Departamento de Persoal para cubrir un/ha (1) posto de traballo na categoría de "operario de servizos varios", mediante o chamamento de aspirantes da bolsa de reserva xurdida ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Estimar a necesidade de empregar a figura do contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo, coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410), para cubrir a baixa por incapacidade temporal por enfermidade común do traballador José Carballeira Chaves, tal e como figura previsto no artigo 1 das bases que rexen a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021. Polo que, procede utilizar o contrato de interinidade para cubrir unha baixa por incapacidade temporal xa que este contrato é para substituír a traballadores/as con dereito a reserva do posto de traballo.

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE

Data de Sinatura: 11/05/2020
HASH: 7b2deac44204873af29edfdae531e896



JORGE MORENO MARTÍN-CALOTO (2 para 2)
SECRETARIO-INTERVENTOR

Data de Sinatura: 11/05/2020
HASH: fa879c5b734045f16146198bbd4688fb1



RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2020-0335 Data: 11/05/2020



Cod. Validación: 9SNE2FEZ3J5QRWGDCA36MKFW3 | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Segundo.- Realizar a contratación para o posto de traballo de “operario de servizos varios”, do/a aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e que figura na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2020 - 0138 de data 14 de febreiro de 2020 por orde de puntuación:

- Pablo Padrón Gómez, con DNI núm. ●●44887●●

Segundo.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 4 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada; en réxime de dedicación a tempo completo e coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410).

Terceiro.- Contratar a Pablo Padrón Gómez con data de inicio do contrato 12 de maio de 2020, e indicar que o período de duración do contrato por obra ou servizo determinado, en réxime de dedicación a tempo completo e coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410) será, no caso que nos ocupa, o tempo que dure a baixa de incapacidade temporal por enfermidade común do traballador/a José Carballeira Chaves.

Así mesmo, sinalar que a data límite desta contratación non poderá superar, en ningún caso, a vixencia da Bolsa de Reserva (artigo 14 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021), sendo a vixencia máxima da Bolsa ata o 31 de decembro de 2021.

Cuarto.- Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:

CATEGORIA	OPERARIO DE SERVICIOS VARIOS
Nº traballadores	1
Aplicación orzamentaria	1532.131.22
Tipo de contrato	Contrato de traballo por Obra ou servizo determinado. Coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410).
Xornada	100,00%
CNAE-Ocupación	8411 - D
Retribucións brutas / Mes (incl. p.p.p.e.)	1.310,61 €
S.S. Empresa /Mes	479,69 €
CUSTE TOTAL MENSUAL	1.790,30 €

Quinto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021(artigo 15):

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0335 Data: 11/05/2020



Cod. Validación: 9SNEZFZJUSQRWGDCA36MKFW3 | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL
1	Iglesias Cardoso, David	46824	19,46
2	Labrador Belmonte, José Antonio	94831	19,33
3	Pereira Fernández, Raquel	62776	17,46
4	Rodríguez Gómez, José Antonio	97156	17,36
5	Vidal Grande, José Emilio	95616	17,10
6	Dopazo Fernández, Jesús	028609	17,03
7	Gómez Rodríguez, José Antonio	45800	16,68
8	Ansia Ribao, José Manuel	97348	16,21
9	Verdejo Lluch, Julio	48327	16,10
10	Pereira Iglesias, José Antonio	48370	15,92
11	Formoso Iglesias, Natalia	49326	15,67
12	Fernández Dacal, Emilio José	72776	15,63
13	Gómez Martínez, Javier	96467	14,25
14	Rodríguez Labrador, José Luis	94165	13,68
15	López Pérez, Alberto	94685	12,80
16	González Carrete, María Cristina	43122	12,63
17	Ramos Ramos, Pedro	95893	12,30
18	Feijóo Río, Eladio	98916	11,86
19	Gómez Rodríguez, Christian	45800	11,73
20	Pérez González, Rubén	46656	11,53
21	Mira Cid, Nuria	49265	10,70
22	Rey Valero, Jorge	49619	10,53
23	Cid Seara, María Estrella	45519	10,07
24	Cachaldora Fernández, María Cristina	98713	9,83
25	Fernández López, Ramón	52865	9,23
26	Pato Fernández, María Trinidad	44766	8,73


Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Sexto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0335 Data: 11/05/2020



Cod. Validación: 9SNE2FEZ3JSQRWGDCA36MKFW3 | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Oitavo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Ditos prazos comezarán a contar desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma aprobado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (suspensión de prazos procesuais previsto na D.A.2ª), modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, e as súas prórrogas.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,

O Secretario – Interventor,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

07 41
04 08
03 24
04 28
00 08
00 08
04 08
02 20
00 08
01 08
00 08

RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2020-0335 Data: 11/05/2020



Cod. Validación: 9SNEZFZ3JSQRWGDCA38MKF=W3 | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona eSP-ublíco | Páxina 4 a 4

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395